

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SILLEDA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DA CUBERTA DO CONSULTORIO DE BANDEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 15.04.2026 co Concello de Silleda o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 29 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Silleda para o financiamento das obras de reforma do Consultorio de Bandeira, de titularidade municipal.

Segundo se detalla no Proxecto Técnico de substitución de cuberta achegada polo Concello de Silleda, as obras de reforma que se pretenden executar teñen por finalidade o seguinte:

A substitución da cuberta do consultorio da Bandeira, afectando a intervención unicamente á envolvente, sen intervir na estrutura portante. Para iso procederase á demolición da cuberta existente de tella e placas de fibrocemento, substituíndoa por un sistema de cobertura a base de panel sándwich illante de aceiro de 40mm de espesor con acabado prelacado e núcleo illante, que mellora a eficiente enerxética da envolvente en cuberta.

Prestarase especial atención a todos os encontros do novo material de cuberta coas fachadas e petos de cuberta, substituíndo así mesmo o canlón da fachada sur e xerando un novo canlón oculto na fachada norte, perfectamente impermeabilizado que evite filtracións de auga ao interior da edificación.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa

adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha obra de reforma no Consultorio de Bandeira.

Tal e como se pon de manifesto no proxecto técnico, elaborado pola arquitecta Marlene Pérez Sanchez de marzo de 2025 e promovido polo Concello de Silleda, o consultorio de Bandeira requiriu ao Servizo Galego de Saúde unha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo.

A obra de reforma, ten por finalidade a substitución da cuberta do consultorio para mellorar a eficiencia enerxética e a impermeabilización de parte dos elementos que a conforman e consistirá na substitución da cuberta do Consultorio da Bandeira, afectando a intervención unicamente á envolvente, sen intervir na estrutura portante. Para iso procederase á demolición da cuberta existente de tella e placas de fibrocemento, substituíndoa por un sistema de cobertura a base de panel sándwich illante de aceiro de 40mm de espesor con acabado prelacado e núcleo illante, que mellora a eficiente enerxética da envolvente en cuberta.

O Servizo Galego de Saúde considerou que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

Coa sinatura deste convenio, o Servizo Galego de Saúde asume compromisos económicos que ascenden a un total de cincuenta e tres mil oitocentos noventa euros con trinta e un céntimos de euro (53.890,31 €), con cargo á partida orzamentaria 5001 412B 760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na que existe crédito axeitado e suficiente.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

